

Os escritores galegos premian ás ENL e ao escritor José Luis Sampedro

A Asociación de Escritores en Lingua galega tamén premiou neste 2012 a Bieito Iglesias, Miro Villar, Ramón Gutiérrez, Antón Riveiro, Raúl Dans, Mercedes Queixas, Pilar Pallarés e a Agustín Fernández Paz.

Por Galicia Confidencial | Compostela | 06/05/2012

A AELG celebrou este sábado a súa Cea das Letras nas que deu a coñecer os premios ás mellores obras editadas en 2011, así como ás institucións que se caracterizan polo seu contributo á divulgación da literatura galega en diferentes ámbitos sociais, contribuíndo á normalización lingüística. Nesta edición o galardón foi para o labor colectivo desenvolvido no ámbito da administración e da educación polos equipos humanos e profesionais que constitúen os Equipos de normalización lingüística dos centros de ensino e mais os Servizos de normalización dos concellos.

"A magnitude do seu traballo e a implicación de tantas persoas boas e xenerosas non permiten o recoñecemento individual merecido para todas elas", sinala a AELG. O premio foi recollido, simbolicamente, por Agustín Fernández Paz, unha persoa que dedicou unha parte moi importante da súa vida a traballar para avanzar no lento progreso normalizador, precisamente nestes dous ámbitos -o escolar e o administrativo-.

José Luis Sampedro

Os escritores en lingua galega tamén decidiron outorgar o Premio Internacional da AELG "Escritor Galego Universal", ao escritor José Luis Sampedro polo "alto contido ético e estético da súa obra e personalidade, que o converte nun referente na defensa da dignidade humana". Ante a imposibilidade de desprazarse a Galicia por razóns médicas, o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, deu lectura a unha carta de Sampedro, na que indicou que "a vida négame o encontro en Galicia co máis feliz motivo", "un premio de gran significado para min: galego era o meu avó paterno, que faleceu en Betanzos; de Galicia me falaba miña avoa cando neno; úneme recordos persoais con motivo dunha estadia en Ortigueira [na Universidade Popular]".

"Recordo así mesmo a Asociación Cultural Lóstrego en Madrid e amigos como Xosé Manuel Beiras – dos poucos que comprenderon os meus esforzos pola estrutura (económica)-; e máis recentemente úneme a Galicia o meu afecto e admiración por Carlos Taibo e Manolo Rivas. Este premio sitúame en compañía de Gamoneda e outras nobres figuras [Mahmoud Darwish, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska e Juan Gelman] que poñen de manifesto os criterios selectivos da AELG, en arte e ética, co que se subliña aínda máis esta honra", sulíñou nesta carta.

Outros premios

Os premios deste ano da AELG foron para:

En Literatura Infanto-Xuvenil; Fantasmas de luz, Agustín Fernández Paz, Xerais.

Mellor traxectoria de Xornalismo Cultural en 2011; Bieito Iglesias

Mellor Blog Literario; As crebas, Miro Villar

Tradución; Sonetos de Shakespeare, Ramón Gutiérrez Izquierdo, Xerais

Narrativa; Laura no deserto, Antón Riveiro Coello, Galaxia

Teatro; Chegamos despois a unha terra gris, Raúl Dans, Xerais

Ensaio; Vivir, unha aventura irrepitíbel. Biografía de M^a do Carme Kruckenberg, Mercedes Queixas Zas,

Galaxia

Poesía; Leopardo son, Pilar Pallarés, Espiral Maior